

ACTA DE APERTURA DAS REFERENCIAS TÉCNICAS, “SOBRES B”, DO SERVIZO DE “ACTIVIDADES DE ESCOLAS DEPORTIVAS” DO CONCELLO DE AMES.

Na Casa Consistorial de Ames sendo as dez horas do día 30 de agosto de 2016, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **SERVIZO DE “ACTIVIDADES DE ESCOLAS DEPORTIVAS” DO CONCELLO DE AMES.**

ASISTENTES:

Presidenta:

José M. Miñones Conde, Alcalde do Concello de Ames.

Vogais:

Rosa Ana Prada Queipo, Secretaria Municipal do Concello de Ames.

Margarita Fernández Sobrino, Interventora Municipal do Concello de Ames.

Rogelio Pardo Martínez, Xefe do Servizo de Contratación do Concello de Ames.

Secretaria:

María Isabel Quintáns Ríos, Auxiliar Administrativa do departamento de Contratación do Concello de Ames

Na sesión da mesa de contratación celebrada o pasado 24 de agosto de 2016, procedeuse á apertura dos sobres “A”, que contiñan a documentación administrativa, das seguintes empresas que presentaron proposición:

1. A Billarda S.L.
2. Esproade S.L.
3. Eulen S.A.
4. MOVE, Servizos de Ocio y Deporte
5. Serviplustotal S.L.
6. VV Xestión de Actividades S.L.
7. Xestión Cultural Áurea S.L.

Como resultado da valoración da documentación acordouse requirir as empresas A Billarda S.L., Esproade S.L. e VV Xestión de Actividades para que no prazo de 3 días hábiles procedan a aportar a documentación da que adolece o Sobre A (Declaración con datos identificativos do licitador)

Aportada a documentación requirida en prazo por parte das empresas anteriormente citadas, a Mesa de Contratación acorda por unanimidade a admisión de todos os licitadores que presentaron proposición, que son:

1. A Billarda S.L.
2. Esproade S.L.
3. Eulen S.A.
4. MOVE, Servizos de Ocio y Deporte
5. Serviplustotal S.L.
6. VV Xestión de Actividades S.L.
7. Xestión Cultural Áurea S.L.

A continuación procédese á apertura dos sobres B denominados “*Criterios non avaliados de forma automática. Referencias Técnicas*.” que conteñen as referencias técnicas dos licitadores.

A Mesa de Contratación comproba minuciosamente a documentación podendo constatar que as empresas Esproade S.L. e MOVE Servizos de Ocio e Deporte incumpren o establecido na cláusula 17.2 do PCAP ao exceder do límite máximo de 30 páxinas establecido para o programa deportivo.

En relación á empresa Serviplustotal a Mesa comproba que no Sobre B non incluíu o Anexo III (Compromiso de dedicación ou adscricións á execución do contrato do servizo de actividades de Escolas Deportivas do Concello de Ames) ao que fai referencia o artigo 11 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), e que por razóns dunha mellor sistemática e claridade para os licitadores debería haberse incluído no artigo 17.2 do PCAP que regula o Sobre B.


Considera a Mesa que probablemente este erro na sistemática motivou que algúns dos licitadores incluísen este anexo no Sobre A de Documentación Administrativa. A inclusión deste anexo no Sobre A por parte dalgún dos licitadores non motivou a súa exclusión, ao non desvelar datos da súa oferta técnica ou económica, considerándose en aras de un principio antiformalista e que favoreza a máxima concorrencia nas licitacións que debe concederse á empresa licitadora Serviplustotal un prazo para a subsanación desta omisión, que por analoxía ás omisións do Sobre B sería de 3 días hábiles.

Tendo en conta o detallado no parágrafo anterior, a mesa de contratación, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

PRIMEIRO: Propoñer ao órgano de contratación a exclusión do procedemento ás empresas Esproade S.L. e MOVE Servizos de Ocio e Deporte por exceder do límite máximo de 30 páxinas establecido na cláusula 17.2 do PCAP para o programa deportivo.

SEGUNDO.- Requirir á empresa Serviplustotal para que no prazo de **3 días hábiles** aporte o Anexo III (Compromiso de dedicación ou adscricións á execución do contrato do servizo de actividades de Escolas Deportivas do Concello de Ames) que esixe o artigo 11 dos PCAP

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor Presidente da por rematado o acto, sendo as dez horas e trinta minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.



The image shows several handwritten signatures in black ink. On the left, there is a signature that appears to be 'M. Quintana' circled. Below it is another signature. In the center, there is a long, horizontal signature. To the right, there is a signature that looks like 'A. ...' and another signature that is a simple 'X' or star-like mark.